



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC02	Integración social	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0341	Apoio á intervención educativa	2025/2026	0	123	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FRANCISCO JOSÉ REY EIBE
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza o apoio á intervención educativa en relación coas competencias e co ámbito de actuación do persoal técnico no centro escolar
RA2 - Organiza o apoio á intervención educativa aplicando as directrices do equipo interdisciplinar e os principios de inclusión e individualización
RA3 - Desenvolve actividades de apoio á intervención educativa adecuando os materiais curriculares ás directrices do equipo interdisciplinar e ás necesidades do alumnado
RA4 - Realiza o seguimento dos procesos de apoio á intervención educativa, e transmítelle a información ao equipo interdisciplinar ou á persoa responsable da titoría do alumnado, polas vías establecidas

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identificáronse as persoas susceptibles da intervención do técnico no contexto educativo
CA1.2 Describíronse as estruturas organizativas dos centros que atenden alumnado con necesidades específicas de apoio educativo
CA1.3 Analizouse a lexislación relativa á atención á diversidade nos centros educativos
CA1.4 Identificáronse os niveis de concreción curricular e os elementos básicos do currículo
CA1.6 Identificáronse as características, os obxectivos, a organización e o funcionamento dos programas de atención á diversidade
CA1.7 Identificouse a estrutura organizativa e funcional do equipo interdisciplinar de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo
CA1.8 Identificouse o ámbito de actuación do técnico no contexto da atención á diversidade nos centros educativos
CA1.9 Valorouse a importancia da planificación e o traballo en equipo no proceso de intervención educativa



Criterios de avaliación do currículo
CA2.1 Descríbóronse a estrutura e os elementos dunha adaptación curricular
CA2.2 Relacionáronse necesidades educativas específicas de apoio educativo coas adaptacións curriculares requiridas
CA2.3 Identificáronse as actividades que cumpra realizar co alumnado analizando as adaptacións curriculares individuais
CA2.6 Identificáronse as medidas de acceso ao currículo establecidas nunha adaptación curricular
CA2.8 Descríbóronse as funcións do persoal técnico para promover a participación nas actividades complementarias das persoas destinatarias
CA3.3 Seleccionáronse materiais curriculares acordes coas directrices establecidas polo equipo interdisciplinar
CA3.4 Adecuáronse os materiais curriculares ás características do alumno ou a alumna
CA3.4.1 Identificáronse os materiais curriculares que sería axeitado empregar atendendo ás características do alumnado
CA3.5 Aplicáronse criterios de organización do espazo, de materiais e da moblaxe que garantan a accesibilidade e o cumprimento da normas de seguridade e hixiene
CA3.6 Identificáronse axudas técnicas para favorecer a autonomía na aula
CA3.7 Valorouse o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na adaptación de materiais curriculares ás características do alumnado
CA4.1 Descríbóronse as técnicas e os instrumentos para o control e o seguimento do apoio á intervención educativa
CA4.2 Identificáronse as actividades de avaliación do programa educativo
CA4.4 Identificáronse indicadores de avaliación nas adaptacións curriculares da intervención educativa

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza o apoio á intervención educativa en relación coas competencias e co ámbito de actuación do persoal técnico no centro escolar



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA2 - Organiza o apoio á intervención educativa aplicando as directrices do equipo interdisciplinar e os principios de inclusión e individualización
RA3 - Desenvolve actividades de apoio á intervención educativa adecuando os materiais curriculares ás directrices do equipo interdisciplinar e ás necesidades do alumnado
RA4 - Realiza o seguimento dos procesos de apoio á intervención educativa, e transmítelle a información ao equipo interdisciplinar ou á persoa responsable da titoría do alumnado, polas vías establecidas

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Analizouse a lexislación relativa á atención á diversidade nos centros educativos
CA1.5 Relacionouse a intervención educativa dirixida ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo co proxecto educativo e os documentos de programación do centro
CA1.9 Valorouse a importancia da planificación e o traballo en equipo no proceso de intervención educativa
CA2.2 Relacionáronse necesidades educativas específicas de apoio educativo coas adaptacións curriculares requiridas
CA2.3 Identificáronse as actividades que cumpra realizar co alumnado analizando as adaptacións curriculares individuais
CA2.4 Aplicáronse técnicas para a programación de actividades de apoio á intervención educativa atendendo aos principios de inclusión e individualización
CA2.5 Seleccionáronse criterios metodolóxicos de acordo cos obxectivos da institución, co marco curricular e coas necesidades e os intereses do alumnado
CA2.6 Identificáronse as medidas de acceso ao currículo establecidas nunha adaptación curricular
CA2.7 Valorouse o papel das actividades complementarias na integración escolar
CA3.1 Organizouse o espazo e a moblaxe atendendo aos criterios establecidos na programación e ás características das persoas destinatarias
CA3.1.1 Identificouse o espazo e a moblaxe que se debería empregar atendendo aos criterios establecidos na programación e ás características das persoas destinatarias
CA3.1.2 Dispúxose o espazo e a moblaxe atendendo aos criterios establecidos na programación e ás características das persoas destinatarias



Criterios de avaliación do currículo
CA3.2 Estableceuse a secuencia da actividade atendendo á temporalización establecida na programación
CA3.3 Seleccionáronse materiais curriculares acordes coas directrices establecidas polo equipo interdisciplinar
CA3.4 Adecuáronse os materiais curriculares ás características do alumno ou a alumna
CA3.4.2 Seleccionáronse e adecuáronse os materiais curriculares ás características do alumno ou a alumna
CA3.5 Aplicáronse criterios de organización do espazo, de materiais e da moblaxe que garantan a accesibilidade e o cumprimento da normas de seguridade e hixiene
CA3.6 Identificáronse axudas técnicas para favorecer a autonomía na aula
CA3.7 Valorouse o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na adaptación de materiais curriculares ás características do alumnado
CA3.8 Sensibilizáronse as persoas que interveñan no proceso educativo sobre a importancia de xerar ámbitos seguros
CA4.3 Seleccionáronse as estratexias e as técnicas de avaliación das actividades de apoio á intervención educativa
CA4.5 Valorouse a importancia da avaliación en cada momento do proceso
CA4.6 Formalizáronse instrumentos de avaliación para avaliar a aplicación de técnicas de prevención de accidentes na aula
CA4.7 Interpretouse a información obtida de diversos instrumentos
CA4.8 Argumentouse a importancia do proceso de seguimento na actividade do persoal técnico e na eficacia da intervención

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva están indicados no currículo e veñen determinados polos resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación asociados ao módulo profesional.

Os mínimos esixíbles para alcanzar a avaliación positiva nas probas son:



- CA1.1 - Identifícanse as persoas susceptibles da intervención do técnico no contexto educativo
- CA1.2 - Describíronse as estruturas organizativas dos centros que atenden alumnado con necesidades específicas de apoio educativo
- CA1.3 - Analizouse a lexislación relativa á atención á diversidade nos centros educativos
- CA1.4 - Identifícanse os niveis de concreción curricular e os elementos básicos do currículo
- CA1.5 - Relacionouse a intervención educativa dirixida ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo co proxecto educativo e os documentos de programación do centro
- CA1.6 - Identifícanse as características, os obxectivos, a organización e o funcionamento dos programas de atención á diversidade
- CA1.7 - Identificouse a estrutura organizativa e funcional do equipo interdisciplinar de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo
- CA1.8 - Identificouse o ámbito de actuación do técnico no contexto da atención á diversidade nos centros educativos
- CA2.1 - Describíronse a estrutura e os elementos dunha adaptación curricular
- CA2.2 - Relacionáronse necesidades educativas específicas de apoio educativo coas adaptacións curriculares requiridas
- CA2.3 - Identifícanse as actividades que cumpra realizar co alumnado analizando as adaptacións curriculares individuais
- CA2.4 - Aplicáronse técnicas para a programación de actividades de apoio á intervención educativa atendendo aos principios de inclusión e individualización
- CA2.5 - Seleccionáronse criterios metodolóxicos de acordo cos obxectivos da institución, co marco curricular e coas necesidades e os intereses do alumnado
- CA2.6 - Identifícanse as medidas de acceso ao currículo establecidas nunha adaptación curricular
- CA2.8 - Describíronse as funcións do persoal técnico para promover a participación nas actividades complementarias das persoas destinatarias
- CA3.1 - Organizouse o espazo e a moblaxe atendendo aos criterios establecidos na programación e ás características das persoas destinatarias
- CA3.2 - Estableceuse a secuencia da actividade atendendo á temporalización establecida na programación
- CA3.3 - Seleccionáronse materiais curriculares acordes coas directrices establecidas polo equipo interdisciplinar
- CA3.4 - Adecuáronse os materiais curriculares ás características do alumno ou a alumna
- CA3.5 - Aplicáronse criterios de organización do espazo, de materiais e da moblaxe que garantan a accesibilidade e o cumprimento da normas de seguridade e hixiene
- CA3.6 - Identifícanse axudas técnicas para favorecer a autonomía na aula
- CA4.1 - Describíronse as técnicas e os instrumentos para o control e o seguimento do apoio á intervención educativa
- CA4.2 - Identifícanse as actividades de avaliación do programa educativo
- CA4.3 - Seleccionáronse as estratexias e as técnicas de avaliación das actividades de apoio á intervención educativa
- CA4.4 - Identifícanse indicadores de avaliación nas adaptacións curriculares da intervención educativa
- CA4.6 - Formalizáronse instrumentos de avaliación para avaliar a aplicación de técnicas de prevención de accidentes na aula
- CA4.7 - Interpretouse a información obtida de diversos instrumentos
- CA4.8 - Argumentouse a importancia do proceso de seguimento na actividade do persoal técnico e na eficacia da intervención

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:



O alumnado terá que realizar unha proba de toda a materia composta de dúas partes, cada unha delas valorada sobre 10 puntos.

A cualificación final da proba será a media aritmética das dúas partes, sempre que se obtivese como mínimo en cada unha delas unha puntuación de 5 puntos.

Primeira parte: proba teórica: Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Esta parte, cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Segunda parte: proba práctica: As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada numericamente, entre 1 e 10, sen decimais. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Dita proba poderá estar constituída por preguntas tipo test e/ou preguntas de desenvolver, de resposta curta, de completar ou de verdadeiro ou falso. Na proba explicitarase o valor de cada pregunta, así como o peso con relación á penalización das respostas incorrectas no caso de que o formato sexa tipo test.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas de bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e de DNI ou outro documento de identificación persoal (pasaporte, carné de conducir). No caso de que se



facilitasen follas de borrador, todas elas deberán adxuntarse ao exame ao remate do mesmo. Os teléfonos móbiles deberán estar apagados no momento de entrada ao exame e durante toda a duración do mesmo.

O tempo máximo para a realización da proba será de dúas horas.

Esta primeira parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos móbiles e/ou calquera outro dispositivo electrónico (reloxs, tablets...) conectable a internet . Durante a proba deberán permanecer apagados.

Non está permitido o acceso ao exame unha vez dea comezo a proba en base ao horario establecido, salvo causa xustificada documentalmente que será valorada pola comisión de avaliación.

Non se poderá abandonar a aula durante os 15 primeiros minutos do exame, comezados a contar dende o momento no que se fai entrega da proba.

Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.

Esta segunda parte consistirá na resolución de un ou varios supostos prácticos nos que se deberán aplicar e poñer de relevo os coñecementos pertinentes atendendo aos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas de bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e de DNI ou outro documento de identificación persoal (pasaporte, carné de conducir). No caso de que se facilitasen follas de borrador, todas elas deberán adxuntarse ao exame ao remate do mesmo. Os teléfonos móbiles deberán estar apagados no momento de entrada ao exame e durante toda a duración do mesmo.

O tempo máximo para a realización da proba será de dúas horas.

Esta segunda parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos móbiles e/ou calquera outro dispositivo electrónico (reloxs, tablets...) conectable a internet . Durante a proba deberán permanecer apagados.



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Non está permitido o acceso ao exame unha vez dea comezo a proba en base ao horario establecido, salvo causa debidamente xustificada a valorar pola comisión de avaliación.

Non se poderá abandonar a aula durante os 15 primeiros minutos de exame, comezados a contar dende o momento no que se fai entrega da proba.

Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.